



contigo, Galiza decide !

www.bng-galiza.org

IAGO TABARÉS RECLAMA SER DECISIVOS EN MADRID PARA QUE A CHEGADA DO AVE SEXA UNHA OPORTUNIDADE DE INTEGRACIÓN DA CIDADE NON UNHA SENTENCIA PARA OS PRÓXIMOS 100 ANOS

O candidato nacionalista afirma que hai que frear a quen pretende que Ourense lle saia "baratiña" e pide "que sexamos nós quen decidamos que facer cos espazos liberados"

Ourense, 23 Febreiro 08.- O candidato do BNG ao Congreso pola provincia de Ourense, Iago Tabarés, defendeu hoxe a necesidade de ser decisivos en Madrid para que a chegada do AVE, "cando e, sobre todo, como chegue, sexa unha oportunidade para a integración da cidade e non implique sentenciala para os próximos 100 anos".

Tabarés, durante un acto público celebrado en San Francisco, explicou que a decisión sobre a estación, o seu soterramento ou que vaia en superficie-, dependerá da capacidade de incidencia do BNG no Congreso e asegurou que iso é o que está en xogo o 9 de Marzo, "decisións coma esta, que afectan directamente aos problemas do cidadán, elixir quen vai defender os intereses da provincia, non elixir presidente".

O candidato nacionalista afirmou que é o momento de Ourense e de Galiza, das súas infraestruturas e comunicacións para facer fronte a quen pretende "que Ourense lle saia baratiña. O BNG ten que estar en Madrid -dixo- para pular por que os investimentos para soterrar a estación cheguen sen demora, como aconteceu noutras partes do Estado como León, Almería ou Puerto Real".

"Temos tamén que ser nós -engadiu- quenes decidamos que facer cos espazos liberados, coa vista posta en humanizar a cidade, facela máis habitabel, e por iso o voto ao BNG é un voto útil".

Para Tabarés, nestes momentos é obvio que o ferrocarril é a comunicación do futuro, porque é menos contaminante e contribúe a reducir a sinistralidade, "mais Galiza a isto chega tarde", dixo, polo que criticou a quen está a falar e prometer que o Ave vai ser unha prioridade, "non é que sexa unha prioridade, é que xa somos os únicos aos que lles falta, Andalucía teno dende hai 16 anos e Catalunya non só o ten senón que até tivo a oportunidade de ter problemas co mesmo", ironizou.

O cabeza de lista do BNG lembrou que hai que fuxir de “confrontacións” e “medallismos” e facer un recoñecemento á “sociedade, que foi por diante e conseguiu que PP e PSOE recuaran nos seus plantexamentos ao respecto desta infraestrutura”.